

INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adjudicación: SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DO PG

Valor estimado de licitación do contrato: 407.840,00€

Duración: 2 anos prorrogables por períodos sucesivos que acorde a Mesa do PG ata un máximo de 2

Datos do expediente:

- Procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada
- Tramitación ordinaria
- Varios criterios de adjudicación

Análise da proposta

Recíbese a proposta de adjudicación formulada polo Mesa de Contratación, e asinada polo secretario desta, o Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior.

Examinado o expediente e o seu iter procedimental:

- ✓ Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- ✓ Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- ✓ Presentouse un só licitador: Spica.S.L.
- ✓ A oferta económica do licitador é de 101.000€/ ano mailo ive: 122.210€/ ano xunto a unhas melloras.
- ✓ Que visto que o licitador cumpría os requisitos esixidos e a súa proposición do sobre B e C axustábanse aos pregos, unha vez ponderados os criterios que debían aplicarse para efectuar a selección do adjudicatario así como a clasificación destes, tendo en conta que se trataba dun só licitador e, por ende, dáselle a máxima puntuación nos criterios comparativos, e a que procede no resto, requiriuse pola mesa de contratación ao licitador para aportar a documentación precisa para a adjudicación.
- ✓ A Mesa de contratación examinou a documentación presentada polos indicados licitadores, incluída a garantía do 5% do valor estimado e abono dos anuncios, estimándose correcta.

Examinada a proposta de adjudicación formulada pola Mesa de Contratación á Mesa do Parlamento a favor de SPICA,S.L., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adjudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adjudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarse nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2016

A interventora